Na *segunda* lectura da carta ós Colosenses (3, 1-4), San Paulo destaca a resurrección de Cristo, como o feito mais importante da historia da salvación. A resurrección produciu en Cristo unha vida nova, a vida dun ser resucitado, acompañada da plenitude humana en Deus. Pero ademais esa vida comunicásenos ós homes pola fe e o Bautismo. Mentres vivimos neste mundo levamos esta vida «escondida con Cristo en Deus». Levámola de xeito parcial «en vasos de barro» e podémola perder. Por iso temos que buscar «os bens de alá arriba», os bens polos que Cristo entregou a súa vida, non os valores e ídolos deste mundo. Deste xeito cando o Señor volva definitivamente, tamén nós aparecemos con El, «na gloria».

O *Evanxeo* segundo san Xoán (20,1-9) relata a experiencia de María Madalena, de Simón Pedro e do discípulo «o que tanto lle quería Xesús». María Madalena, o amencer, vai cara o sepulcro «e viu a lousa quitada». Avisa os dous discípulos, convencida de que «leváronse do sepulcro ó Señor e non sabemos onde o puxeron». Pedro e o outro discípulo van correndo ó sepulcro, o discípulo amado chega primeiro, ve «as vendas no chan; pero non entrou». Entra primeiro Pedro, ve as vendas e o sudario, colocados de modo ordenado. Despois entrou o outro discípulo «veu e creu».

O sepulcro baleiro e a orde das vendas e o sudario, son indicios suficientes para que este discípulo crea que Xesús resucitou. O «veu», non supuña unha proba contundente da resurrección. Pero este discípulo penetrou pola fe o que Xesús, durante a súa vida terrea, dixera: «que El había resucitar de entre os mortos». Agora é cando empezan a entender «a Escritura». É a forza do amor e a unión estreita con Xesucristo, os que fan crer, despois de ver os indicios da resurrección. Pero tales indicios nunca son probas claras, senón axudas sensibles e palpables para que quen, pola gracia de Deus, é chamado a fe, fíese e termine crendo con unha fe segura anque escura.

Queridos irmáns: estamos a celebrar o terceiro día do triduo pascual. A alegría e a luz que brotan de Cristo Resucitado deben fortalece-la nosa fe e a nosa vida. Tamén a nós como ós apóstolos invítasenos a «ver», cos ollos da alma, a Cristo Resucitado, presente na Eucaristía, nos sacramentos e na historia. Necesitamos audacia para «correr» ó encontro do Resucitado e cheos de fe Nel, comunica-lo ós homes. Cristo ofrecéranos os «indicios» ou sinais necesarias para que, con ollos limpos e corazón namorado, poidamos dicir como o discípulo amado: «¡É o Señor!», «resucitou», vive e acompañanos no noso camiño. Deixemos arder o noso corazón como os dous de Emaús, ó nos explicar as Escrituras e partírnos o Pan. Así seranos máis fácil e gozoso anunciar e testemuñar con valentía a súa resurrección.

*Luis Quinteiro
Obispo de Ourense*

el encargo, de parte suya, de predicar este hecho al pueblo, dar «solemne testimonio de que Dios lo ha nombrado juez de vivos y muertos». La resurrección les lanza sin miedo a ser testigos de todo lo que han visto y oído sobre Jesús.

En la *segunda* lectura de la carta a los Colosenses (3, 1-4), San Pablo destaca la resurrección de Cristo, como el acto más importante de la historia de la salvación. La resurrección produjo en Cristo una vida nueva, la vida de un ser resucitado, acompañada de la plenitud humana en Dios. Pero además esa vida se nos comunica a los hombres por la fe y el Bautismo. Mientras vivimos en este mundo llevamos esta vida «escondida con Cristo en Dios». La llevamos de modo parcial «en vasos de barro» y la podemos perder. Por eso hemos de buscar «los bienes de allá arriba», los bienes por los que Cristo entregó su vida, no los valores e ídolos de este mundo. De este modo cuando el Señor vuelva definitivamente, también nosotros apareceremos con él, «en gloria».

El *Evangelio* según san Juan (20,1-9) relata la experiencia de María Magdalena, de Simón Pedro y del discípulo «a quien tanto quería Jesús». María Magdalena, al amanecer, va al sepulcro «y vio la losa quitada». Avisa a los dos discípulos, convencida de que «se han llevado del sepulcro al Señor y no sabemos dónde lo han puesto». Pedro y el otro discípulo van corriendo al sepulcro, el discípulo amado llega primero, ve «las vendas en el suelo; pero no entró». Entra primero Pedro, ve las vendas y el sudario, colocados de modo ordenado. Luego entró el otro discípulo «vio y creyó».

El sepulcro vacío y el orden de las vendas y sudario, son indicios suficientes para que este discípulo crea que Jesús ha resucitado. El «vio», no suponía una prueba contundente de la resurrección. Pero este discípulo penetró por la fe lo que Jesús, durante su vida terrena, había dicho: «que él había de resucitar de entre los muertos». Ahora es cuando empiezan a entender «la Escritura». Es la fuerza del amor y la unión estrecha con Jesucristo, los que hacen creer, después de ver los indicios de la resurrección. Pero tales indicios nunca son pruebas claras, sino ayudas sensibles y palpables para que quien, por gracia de Dios, es llamado a la fe, se fíe y termine creyendo con una fe segura aunque oscura.

Queridos hermanos: estamos celebrando el tercer día del triduo pascual. La alegría y la luz que brotan de Cristo Resucitado deben fortalecer nuestra fe y nuestra vida. También a nosotros como a los apóstoles se nos invita a «ver», con los ojos del alma, a Cristo Resucitado, presente en la Eucaristía, en los sacramentos y en la historia. Necesitamos audacia para «correr» al encuentro del Resucitado y llenos de fe en él, comunicarlo a los hombres. Cristo nos ofrecerá los «indicios» o signos necesarios para que, con ojos limpios y corazón enamorado, podamos decir como el discípulo amado: «¡Es el Señor!», «ha resucitado», vive y nos acompaña en nuestro camino. Dejemos arder nuestro corazón como los dos de Emaús, al explicarnos las Escrituras y partirnos el Pan. Así nos será más fácil y gozoso anunciar y testimoniar con valentía su resurrección.

Luis Quinteiro
Obispo de Ourense

IGLESIA DIOCESANA

AL PRESBITERIO DIOCESANO

ELECCIONES AL CONSEJO PRESBITERAL

Queridos Hermanos:

Como ya os anuncié en la homilía de la Misa Crismal del miércoles santo el próximo día 2 de Julio se constituirá el Consejo Presbiteral en el Santuario de los Milagros de Baños de Molgas. A tal fin , en el presente mes de Mayo, se han de realizar las elecciones oportunas en cada uno de los arciprestazgos y sectores diversos de pastoral de la Iglesia de Ourense.

Según la legislación vigente, el Consejo está formado por miembros natos, miembros de libre designación del Sr. Obispo y miembros elegidos por el presbiterio diocesano. En esta Diócesis quedará constituido de la forma siguiente:

- * Miembros natos: Vicario General, Vicarios Episcopales, Delegado del Clero, Vicario Judicial, Rector del Seminario Mayor y Presidente del Cabildo de la S. I. Catedral.
- * Miembros de libre designación del Sr. Obispo, en un número que no ascienda de cinco.
- * Miembros elegidos: Uno por el Cabildo de la S. I. Catedral; Uno por cada arciprestado; uno por los sacerdotes jubilados que residen en la ciudad de Ourense (los demás jubilados se incluirán en los arciprestazgos de su domicilio); uno por los formadores y profesores de los dos seminarios; uno por los capellanes, consiliarios, miembros de la prelatura del Opus Dei, institutos seculares...; dos por los presbíteros de vida consagrada (uno por las Órdenes y otro por las Congregaciones). Los religiosos con ministerio parroquial deben integrarse en su arciprestazgo.

Las elecciones en los arciprestazgos serán convocadas y presididas por el Sr. Arcipreste y en los restantes grupos por el Sr. Vicario de Pastoral. Éstas se desarrollaran de acuerdo con la normativa general y la que se establece en los artículos 11, 12 y 13 de los Estatutos del Consejo Presbiteral, que dicen: «convocados y reunidos los electores, si hay quórum, se constituirá la mesa, integrada por el presidente y dos escrutadores, el de más edad y el más joven, actuando este último de secretario».

También dicen los Estatutos que:

Art. 7.- Ningún grupo elector podrá tener menos de ocho sacerdotes. Cuando sus componentes no alcancen ese número, serán asignados a otro arceprestazgo o grupo que los represente.

Art. 12.- Cada miembro del Consejo designado por elección tendrá un suplente elegido en la misma sesión y por idéntico procedimiento. El suplente actuará con los mismos derechos y deberes que el titular, cuando éste se encuentre legítimamente impedido o ausente; y le sucederá cuando cese por cualquiera de las causas previstas en el artículo 18.

Art. 13.- La mesa será responsable de la recta celebración de la elección, así como de consignar en acta el desarrollo de la misma y de enviar el original al Prelado antes de finalizar el próximo mes de Junio.

También se cumplirá lo que establece el canon 119 del C.I.C.: «...cuando se trata de elecciones, tiene valor jurídico aquello que, hallándose presente la mayoría absoluta de los que deben ser convocados, se aprueba por mayoría absoluta de los presentes; después de dos escrutinios ineficaces, hágase la votación sobre los candidatos que hayan obtenido mayor número de votos, o si son más, sobre los dos de más edad; después del tercer escrutinio, si persistiese el empate, queda elegido el de más edad».

Todos estamos convencidos de que el Consejo Presbiteral realiza una tarea fundamental en la tarea pastoral de la diócesis, ya que es «como el senado del Obispo, en representación del presbiterio, cuya misión es ayudar al Obispo en el gobierno de la Diócesis, conforme a la norma del derecho, para proveer lo más posible al bien pastoral de la porción del Pueblo de Dios que se le ha encomendado» (cn. 495).

Ruego a todos los miembros del Presbiterio Diocesano asuman con la máxima responsabilidad su obligación de votar, como representante en el citado Consejo, al que estimen más idóneo.

Vuestro afectísimo en el Señor.

Dado en Ourense, a 29 de Abril de 2003

+ *Luis Obispo de Ourense*

AGENDA SR. OBISPO.**MARZO**

- Día 1.- Misa en Celanova en la Fiesta de San Rosendo.*
- Día 2.- Asistencia a la Toma de Posesión del nuevo Obispo de Salamanca, el Excmo. y Rvdmo. D. Carlos López Hernández.*
- Día 6.- Reunión del Consejo Episcopal y Reunión con el Consejo de Economía.*
- Día 8.- Misa en la S.I.B. Catedral en la Fiesta de San Juan de Dios, patrono del Colegio de Enfermería.*
- Día 9.- Misa de Coro en la S.I.B. Catedral .*
- Día 11.- Encuentro con los Directivos de COREN.*
- Día 13.- Entrevista en la sede de RNE y visita a las instalaciones
Misa y Cena con los Seminaristas del Seminario Mayor.*
- Día 14.- Preside la Vigilia de Oración por las Vocaciones en la Iglesia de Santa María Madre.*
- Día 15.- Sagrada Ordenación de 4 Diáconos en el Seminario Mayor.*
- Día 16.- Misa de Coro en la S.I.B. Catedral .*
- Día 19.- Misa en le Seminario Mayor, con los superiores y seminaristas de ambos Seminarios, con ocasión de la Fiesta de San José patrono de las Vocaciones sacerdotales.*
- Día 20.- Mensaje por la Paz, a través de la COPE, en el día en que estalla la guerra en Iraq.*
- Día 21.- Misa en Longos, con motivo de la Fiesta de San Benito do Maraño. Por la tarde firma del convenio entre Caixa Galicia y el Obispado.*
- Día 22.- Preside la Vigilia de Oración por las Vocaciones en la Iglesia del Seminario Mayor, organizada por el movimiento de la Adoración Nocturna.*
- Día 23.- Misa de Coro en la S.I.B. Catedral .*
- Día 25.- Reunión con la Junta Directiva de la FERE de la Diócesis.*
- Día 26.- Administración de la Unción de Enfermos en la Residencia de Os Gozos.*
- Día 27.- Visita a la Comunidad del Monasterio de Oseira.
Asistencia a la conferencia de Carlos Díaz, “El Compromiso de los Católicos en la Vida Pública”, que tuvo lugar en el Liceo Recreo Orensano.*
- Día 28.- Conferencia en el Seminario Mayor de Mondoñedo.*
- Día 29.- Misa y comida en el Santuario de los Milagros con los matrimonios de los Equipos de Nuestra Señora.*
- Día 30.- Misa de Coro en la S.I.B. Catedral .
Fiesta anual del “Acies” de la Legión de María en la parroquia de la Milagrosa.*
- Día 31.- Reunión en la Casa de Ejercicios con los sacerdotes de la Vía de la Plata del Camino de Santiago.
Reunión con la Superiora General y las Hnas. de la Fraternidad Reparadora de Xinzo de Limia.*

ABRIL

Días 1 y 2.– Reunión en Madrid de la Comisión de Emigración.

Día 4.– Visita a las Carmelitas Descalzas.

Asistencia en el Centro Cultural de la Diputación al acto conmemorativo del Xº aniversario de la U.N.E.D. en Ourense.

Día 5.– Reunión con la Comunidad de las Adoratrices del Santísimo Sacramento y de la Caridad.

Asistencia en Celanova al nombramiento como “Hijos Adoptivos de la Villa” a los Hnos. Sacerdotes D. Manuel (q.e.p.d) y D. Cesáreo Iglesias Grande, párrocos de Celanova.

Día 6.– Asistencia a la Toma de Posesión del nuevo Obispo de Ciudad Rodrigo el Excmo. y Rvdmo. D. Atilano Rodríguez Martínez.

Día 7.– Conferencia en Vigo sobre los “25 años de Pontificado de Juan Pablo II”.

Día 8.– Reunión del Consejo Episcopal.

Día 9.– Asiste en la Diputación de Ourense a la firma de un convenio entre al Excmo. Diputación Provincial y Cáritas Diocesana.

Día 10.– Asistencia al “Via Crucis” de los jóvenes.

Día 11.– Celebración Penitencial en la S.I.B. Catedral.

Día 12.– Visita a la Comunidad de las Clarisas Reparadoras de Vilar de Astrés. Bendición de la Residencia de Ancianos “San Antonio” de la Fundación San Rosendo, en Beariz.

Día 13.– Domingo de Ramos de la Pasión del Señor, Procesión y Misa en la S.I.B. Catedral.

Día 15.– Entrevista en Radio Voz y visita a las instalaciones.
Entrevista en Onda Cero y visita a las instalaciones.

Día 16.– Retiro Espiritual de los Sacerdotes y Celebración Solemne de la Misa Crismal en la S.I.B. Catedral, concelebrada por más de 100 sacerdotes.

Día 17.– Solemne Celebración “In Cena Domini” en la S.I.B. Catedral.

Día 18.– Solemne Celebración de la “Pasión del Señor” en la S.I.B. Catedral.
Procesión del Santo Entierro.

Día 19.– Solemne Vigilia Pascual en la S.I.B. Catedral.

Día 20.– Misa del Domingo de Resurrección en la S.I.B. Catedral, con la Bendición Papal.
Procesión de retorno de la imagen de Santa María Madre a su Iglesia Titular.

DELEGACIÓN DE MISIONS

Marzo:

Día de Hispanoamérica (2 de marzo). Un recordo agradecido a tantos misioneiros OCSHA que escoitando a chamada se puxeron en camiño, á vez que recordamos que América sigue precisando de nós

Abril:

XXV Festival Infantil da Canción Misioneira. Celebrouse no Carballiño o domingo 6. É unha expresión do traballo misioneiro cos nenos.

PREVISIÓNS PARA:

Maio:

4, domingo. *Día do Clero Nativo:* Na Misión aumentas as vocacións... Campaña que intenta implicarnos a todos na formación de Axentes de Pastoral autóctonos.

10 e 11. *Festival NACIONAL Infantil da Canción Misioneira* en Burgos. Representará a Ourense, o grupo “Xermolara” de Crespos coa canción gañadora no Festival do Carballiño “É tempo xa”

10, sábado. Ás sete da tarde *XXXIV Festival Xuvenil da Canción Misioneira* no Pazo dos Deportes “Paco Paz”

18, domingo. *Festival Rexional Xuvenil da Canción Misioneira* en Lugo.

Xuño:

Preparando o verán Misioneiro...

IN MEMORIAM

Excmo. y Rvdmo. Sr. Don Abel Alonso Núñez

Misioneiro Ourenán, Bispo emérito da Diocese de Campo Maior, en Piauí-Brasil da que foi pastor durante vintecinco anos, finou o día 8 de marzo do ano en curso ós oitenta e un anos de idade.

Natural de Ventas da Barreira, era Padre Mercedario. Recibiu a ordenación sacerdotal en Lugo no ano 1945 e foi promovido a Bispo Auxiliar de Bon Jesús de Gurguéia (Piauí) no ano 1971. Cinco anos despois foi elixido primeiro Bispo de Campo Maior onde estivo ata a súa xubilación en febreiro do 2000.

Dúas grandes paixóns na súa actividade episcopal: conseguir vocacións nativas, e atender ós pobres. Gracias ó seu empeño e a axuda sobre de todo dos católicos alemáns, conseguiu ordenar a 50 sacerdotes nativos e aumentou considerablemente o número de parroquias. Na atención ós pobres a súa labor foi especialmente significativa cos leprosos, a quen no só buscou como atender senón que tamén tratou de darlles unha vida digna, construíndolles escolas, casa e dispensarios médicos.

NOTICIAS DE CARITAS DIOCESANA DE OURENSE

CAMPAÑA POR LOS DAMNIFICADOS POR EL PRESTIGE

Hasta el momento se han recaudado 45.461,22 euros. En la reunión celebrada en Santiago de Compostela, a la que acudieron todas las Cáritas Diocesanas de Galicia, con el fin de acordar el destino concreto de las cantidades recaudadas y su distribución, se acordó asignar el 30% del dinero recaudado por nuestra Diócesis a la Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol para la atención de necesidades inmediatas.

Con el resto del dinero recaudado en toda la Comunidad Autónoma se acordó desarrollar tres acciones significativas de creación de empleo como alternativa a la situación planteada.

La reunión contó con la presencia de un técnico de Cáritas Española el cual informó de la puesta en funcionamiento de un estudio de la situación del medio rural de nuestra comunidad y de sus necesidades, con el fin de implementar acciones que eviten su despoblamiento.

CONVIVENCIA CON INMIGRANTES

Como continuación al encuentro litúrgico-festivo realizado el 20 de diciembre en la Parroquia de la Stma. Trinidad, se ha planificado desde el Programa de Inmigrantes la celebración de otra jornada de convivencia el próximo sábado 10 de mayo en el entorno del Seminario Mayor.

Esta actividad, que dará comienzo a las 11,00 horas de la mañana y se prolongará hasta la tarde, contará con la presencia del Sr. Obispo. El encuentro está dirigido al colectivo antes mencionado, así como a todos los miembros de los equipos de las Cáritas parroquiales.

PROGRAMA DE LUDOPATIA

Desde este programa se detecta el hecho de que muchas personas que presentan el problema son jóvenes e incluso adolescentes; es por ello que, además de realizar una intervención terapéutica, se lleva a cabo un trabajo de carácter preventivo.

La metodología de intervención, una vez recibida la demanda, comienza con una entrevista inicial de acogida, en la que se hace entrega de unas fichas informativas sobre pautas de actuación ante determinadas situaciones. Tras la firma del contrato terapéutico, se elabora y desarrolla el proyecto de intervención personal, que incluye: entrevistas personales y familiares; grupos de comunicaciones dirigidos a familiares; grupo de autoayuda para las personas afectadas y sus familiares; historia personal e informes de evolución.

En aquellos casos en los que surge alguna problemática asociada distinta a la ludopatía, se hace una derivación al centro especializado correspondiente. Terminado el proceso, y después del alta terapéutica, se realiza un seguimiento individualizado.

Durante el año 2002, se llevaron a cabo 308 intervenciones a 42 beneficiarios.

PROGRAMA DE DESARROLLO COMUNITARIO RURAL

Pretende ayudar a evitar el despoblamiento rural proporcionando un medio de vida a las familias en situación de exclusión social.

El Obispado cede a Cáritas Diocesana diestros parroquiales incultivos para que sean recuperados por estas familias mediante la implantación de diversos cultivos. Los rendimientos netos obtenidos constituyen su medio de vida y las familias son alojadas en la casa rectoral próxima a la zona de trabajo. En caso contrario se proporciona una casa en régimen de alquiler.

En este programa también colabora la sociedad cooperativa Hortoflor 2 en la recogida y compra de la producción además de ofrecer una ayuda con materiales para el cultivo a los beneficiarios.

Durante el tiempo en que los beneficiarios no obtienen producción, Cáritas otorga unas ayudas de mantenimiento para la cobertura de necesidades básicas.

A todo ello se debe añadir la labor de acogida y acompañamiento que durante el proceso de inserción de la familia realizan los profesionales de Cáritas Diocesana.

En estos momentos hay siete familias en el programa, estando pendientes de inclusión tres familias. Los beneficiarios son familias de cualquier naturaleza y condición: emigrantes retornados, inmigrantes regularizados o familias españolas de otras comunidades autónomas.

VICARÍA DE PASTORAL
OBISPADO DE OURENSE

CONFIRMACIONES AÑO 2003

Mes de Abril

DÍA	HORA	N.º	LUGAR	MINISTRO
26	19'00	11	San Pedro de Moreiras	Vicario General
27	12'00	8	Villarino. Snta Cristina	Vicario General

Mes de Mayo

DÍA	HORA	N.º	LUGAR	MINISTRO
4	12'00	8	Cabeza de Vaca	Vic.General
17	20'00	30	Maceda	Sr. Obispo
17	20'00	23	Sagrado Corazón	Vic. Pastoral
24	19'00	10	Trelle	Vic. Proyectos
24	12'00	8	San Xoan de Monterredondo	Vic. Medios
24	10'30		Seminario Menor	Sr. Obispo
24	12'00	40	Cualedro	Vic. Pastoral
24	11'30	70	Santuario dos Milagros	Vic. General
25	17'00	25	Saleta-Cea	Vic. Pastoral
25	17'30	40	San Ciprian de Cobas	Sr. Obispo
30	17'00	27	Maside	Vic. General
30	19'00	89	Veracruz de Carballiño	Sr. Obispo
30	20'00	75	Celanova	Vc. Proyectos
31	19'30	20	Santa Ana del Pino	Vic. Pastoral
31	12'00	20	Enxames	Sr. Obispo
31	17'00	18	Riós	Sr. Obispo
31	19'00	21	A Gudiña	Sr. Obispo
31	17'00	50	Snto Domingo	Vic. Medios
31	12'00	14	TRADO	Vic. General
31	19'00	61	Fátima	Vic. Proyectos

Mes de Junio

DÍA	HORA	N.º	LUGAR	MINISTRO
1	12'00	17	Berán	Sr. Obispo
1	12'00	13	San Miguel de Desteriz	Vic. General
6	19'00	35	Veracruz de Carballiño	Vic. Medios
6	20'00	89	El Puente (+ 1 Vilar +1 Noalla)	Sr. Obispo

DÍA	HORA	N.º	LUGAR	MINISTRO
Día 7	12'00	50	Oimbra	Vic. General
Día 7	12'00	20	Vilar de Santos	Vic. Proyectos
Día 7	20'00	30	María Auxiliadora	Vic. Pastoral
Día 7	19'30	58	San pío X	Vic. Medios
Día 7	17'00	40	Santísima Trinidad	Sr. Obispo
Día 7	17'00	80	Xinzo da Limia	Vic. Pastoral
Día 7	20'00	34	Asunción	Vic. Proyectos
Día 7	17'00	50	Verín	Vic. Genral
Día 8	19'00	24	Castrocaldelas	Vic. General
Día 8	12'30	22	Santa Eufemia	Vic. Pastoral
Día 8	12'00	15	San Pedro de Leirado	Vic. General
Día 8	11'30	8	Arnoia	P. Espiritual
Día 8	11'00	17	Rivadavia	Vic. Judicial
Día 14	18'00	40	Maravillas	Vc. Medios
Día 14	18'00	30	Lobios	Sr. Obispo
Día 15	12' 00	27	Milagrosa	Vic. Pastoral
Día 15	13'00	35	Inmaculada	Sr. Obispo
Día 15	12'00	9	Francelos	Vic. General
Día 21	20'00	17	San José de Vistahermosa	Vic. Proyectos
Día 22	12'00	15	San Paio de V.	Vic. Medios
Día 28	12'00	15	Ponte Noaia	Vic. General
Día 28	18'00	30	Allariz	Sr. Obispo
Día 28	20'00	15	Valenzá	Vic. Medios

Mes de Julio

DÍA	HORA	N.º	LUGAR	MINISTRO
Día 5	18'00	20	Grixó	Vic. General
Día 5	18'00	12	San Juan de Río	Vic. Pastoral
Día 6	11'30	19	Sta María de Cartelle	Vic. General

CONCLUSIONES REUNIÓN CON ARCIPRESTES

Seminario Mayor, 26-2-03

1º Necesidades detectadas

- Inmigrantes y emigrantes retornados.
- Comedor ciudad (fin de semana).
- Cáritas comarcal.
- Droga.
- Prostitución.
- Gitanos.
- Transeúntes.
- Atención diaria.
- Ancianos en pueblos.
- Ludopatía.
- Violencia doméstica.
- Fracaso escolar.

2º Propuestas de intervención

- Coordinación entre Cáritas Diocesana y Cáritas Parroquiales.
- Planificación (sólo para ciudad).
- Pasar de lo asistencial a lo promocional.
- Coordinación con otras Entidades, instituciones...
- Colecta anual para Cáritas.
- Asesoramiento en casos particulares.
- Creación de Cáritas en donde no existen y potenciar las que funcionan.
- Grupos de análisis.
- Centros de acogida: ancianos y transeúntes.

3º Creación de Cáritas ¿Parroquial o Arciprestal?

- En el medio rural Arciprestal.
- En el medio urbano Parroquial.
- Coordinación entre las Cáritas de la ciudad.
- Sensibilización: primero de los párrocos y luego de la comunidad.
- Creación de grupos.

O CLERO DO RIBEIRO HOMENAXEA A D. EMILIO LOSADA CASTIÑEIRAS

DOMINGO DE PASCUA
Ribadavia, 23 – IV – 2003.

José Pérez Domínguez
Vicario de Pastoral

Estimado e moi querido D. Emilio; compañeiros e amigos sacerdotes:

*“Non teño prata nin ouro, pero douche o que teño:
en nome de Xesucristo de Nazaret, érguete e anda”*
(Fit. 3, 1 – 10).

¡Que lema tan fermoso para iluminar a nova evanxelización nas terras de Ourense e do Ribeiro con novos métodos, con novo ardor e con novas actitudes, como nos dicía Xoan Paulo II.

O ardor, que se precisa para anunciar a Cristo de xeito creíble e que nos empuxa a poñer maus á obra, podémolo aumentar ca gracia de Deus (sobre todo despois de vivencia da experiencia pascual no triduo sacro, que a cabamos de celebrar) e co esforzo humano sempre necesario ante as dificultades dos tempos. Os apóstolos, cheos de medo antes da experiencia pascual, falan agora co corazón na man e coa convicción da certeza: Cristo é quen salva.

Os novos métodos, necesarios para unha nova evanxelización, non van polo camiño do poder, dos cartos ou do prestixio humano: “non teño prata nin ouro”. É ben certo que os axentes de pastoral para ós novos tempos non somos moi dados ó cambio, a metanoia, a conversión de vida, a querer empezar de novo; os anos foron caendo, as costumes fóronse fixando, os tempos cambiaron. Pero non é menos certo que os novos métodos que a Igrexa nos está a pedir van polo camiño marcado por Pedro e Xoan: “non temos prata nin ouro”.

E as novas actitudes do evanxelizador do século XXI ven definidas por moitos teólogos, eclesiólogos, sociólogos e pastoralistas. Segundo eles deben partir da experiencia pascual de Cristo vivo, presente e compañeiro de viaxe. O que se vive e o que se experimenta convírtese en alegre anuncio ós irmás da Boa Noticia: “En nome de Xesucristo de Nazaret, érguete e camiña”. Os cristiáns do terceiro milenio temos que ser místicos para resistir os embates do pensamento postmoderno e para opoñernos a domesticación a que nos quere someter a aldea global.

Os primeiros evanxelizadores chegaron ata á fin do mundo, ata Finis Terrae, proclamando a Cristo-Salvador, con novo ardor, con novos métodos e con novas actitudes. Daquela todo era novo.

“É certo que o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón” (Lc. 24, 13 – 32)

¿Por qué tardamos tanto en aprender a lección os pastores dos novos tempos? “É certo que o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón” (Lc. 24, 13 – 32). É o que estamos a festexar nestes días a Pascua do Señor, que é a nosa Pascua; fixémoslo na Vixilia Pascual e no domingo de Pascua; pero é tan grande o acontecemento que non colle nun só día; compren corenta días para ter conta de tanto contido e profundidade teolóxica (é o tempode pascua). Pero nin os corentas días son suficientes para acoller tanta riqueza e experiencia espiritual (cómprennos os domingos de todo ano). ¡Queira Deus que o que predicamos se nos vaia adentrando no corazón e o que vivimos nos empuxe a comunicar a gran noticia de Cristo Resucitado!

Pero, irmáns sacerdotes, tamén nós somos fillos do ambiente, do pensamento e da vida das nosas xentes: “¿De qué ides falando polo camiño?”, pregúntalles Xesús ós discípulos de Emaus. Coma aqueles dous nós tamén nos enfadaríamos: “¿pero eres ti tan ignorante que non sabes de qué hai que falar no noso oficio?”. Imos vellos; que veñan os novos, que parecen máis sabidos; os tempos non che van por este camiño; ben aturamos; hai que facer o de sempre... Tales e parecidas expresións describen moitas conversas dos axentes de pastoral dos tempos novos.

“E comezando por Moisés e tódolos profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban dél”. En linguaxe coloquial, Xesús tivo que pegarlles un repaso a todos aqueles, que viviran con él, ós que él mimara e ós que lles ensinara todo sobre os secretos do Misterio. Tamén a nós estanos cumprindo un abaneo parecido. O Sr. Bispo, na carta que escribiu ante o día do Seminario, quíxonolo recordar: fan falla sacerdotes, identificados con Cristo resucitado, para ser os seus pes e as súas mans e anunciar a salvación ós pobres, e curar ós coxos, e dar liberdade ós presos, e devolvérllela vista ós cegos: proclamar o ano de gracia do Señor.

“¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño?” Nestes momentos, nos que estamos celebrando a Santa Misa, sentimos a presenza do Señor, experimentamos a calor da súa amizade e avívasenos o desexo de proclamalo a tódolos pobos. É certo. Os sacerdotes de Ourense somos xente boa e sabemos e queremos vivir de verdade o noso sacerdocio. As veces somos un pouco duros nas maneiras, no xeito de comentar, nas descripcións que facemos de algunhas situacións ocasionais. Ós sacerdotes de unha diocese coñécense cando se poden comparar cos sacerdotes de outras dioceses. Eu podo facelo e quedome con moito cos de Ourense. A valoración do clero ourensano é altamente positiva. Tamén arde o noso corazón ante a nova evanxelización que se nos pide; preguntámonos cómo empezar, qué camiños seguir, con qué axudas contamos. Somos xenerosos. Pero, ante experiencias negativas, rexeitamos o tanteo e as dúbidas ante os medios a utilizar. Gústannos os camiños seguros e trillados. Pero, coma os apóstolos, teremos que tirar cos abrigos e votar a correr e verrar: “Cristo resucitou; é verdade”.

D. Emilio: nesta mañá queremos darlle as gracias polo moito que Vostede ten feito e sigue facendo por nós e pola nosa diocese. Casi sinto vergoña de estar a comentar estes textos da Santa Misa diante de quen tivemos a gran sorte de que fose o noso

profesor de Sagrada Escritura. Vostede fixo as veces de Xesús ensinándonos a ler e a interpretar a Palabra de Deus; con moita fruición agardabamos nas súas clases a iluminación dos feitos de cada día na claridade das Escrituras; ata tentou ensinarnos a ler e a traducir o hebreo; pero iso xa era superior as nosas forzas. Vostede explicounos os textos bíblicos da resurrección como base da fe cristiá ca apertura necesaria ó pensamento bíblico teolóxico, pero tamén ca obrigada radicalidade da experiencia pascual. “É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón”.

“Novos métodos, novas actitudes, novos medios” para a pastoral diocesana. ¡Con qué entusiasmo viviu Vostede os inicios da nova evanxelización! Foi Vicario de Pastoral por máis de oito anos, cando, de acordo cos cambios da sociedade e ca chegada da democracia, nada estaba feito e cando había que crealo todo con moita imaxinación e vontade de traballo. Estas nunca lle faltaron a Vostede. Reunións de goberno, reunións cos arcepresbiteros (hogar, escola e taller), reunións cos grupos, movementos e asociacións, procurando a súa actualización, animación das delegacións, visitas ós sacerdotes e nomeamentos diversos. Eu escapábame de algunha de aquelas tantas reunións; Vostede ben sabe, pero agora pagoas todas xuntas. “Non teño prata nin ouro, pero douche o que teño; en nome de Xesucristo, vota a andar”.

Con nomeamento e sin nomeamento viu sempre a necesidade de atender, de acompañar e de formar ó clero de Ourense. Teño que decirlle que sempre que os sacerdotes falamos de Vostede é para recordar ó home que estivo e está incondicionalmente ó servizo dos compañeiros sacerdotes sin límites de tempo nin distinción de clases; e, para quen coñece un pouco máis de perto a súa vida, o amigo que e é capaz de dar a cara en defensa dos compañeiros ca verdade por diante. ¡D. Emilio, non deixe de asistir ós retiros, ás conferencias, ás reunións, ós enterros! É para nós maestro e modelo a imitar.

¡Que a experiencia de Cristo resucitado nos empuxe a facer o anuncio da Boa Nova da Salvación e garanta entre nós a vivencia da virtude do agradecemento!. ¡Que nos bendiga a Virxe do Portal! D. Emilio. Moitas grazas por todo. ¡Cristo vive!

BIOGRAFÍA DO ILMO. SR. D. EMILIO LOSADA CASTIÑEIRAS

José Pérez Domínguez
Vicario de Pastoral

D. Emilio Losada Castiñeiras é fillo de Manuel Losada e de Fidelina Castiñeiras. É o irmáns máis pequeno de entre seis máis: Elvira, María, Manuel-Olegario, Carmen, Antonio e Herminio.

- Naceu o día 2 de Abril de 1923 no pobo de San Pedro da parroquia de Cartelle.
- Foi bautizado o día 3 de Abril do ano 1923¹.
- Estudiu Sagrada Teoloxía na Universidade Gregoriana de Roma.
- Foi ordenado de sacerdote en Roma o día 12-3-1949 na basílica de San Pedro.
- Cantou misa no altar da Cátedra de San Pedro (en honor o nome do Seu Pobo natal) e, logo, na parroquia de Santa María de Cartelle.
- Foi nomeado prefecto e profesor do Seminario no curso 1949-50.
- Pasou logo a ser ecónomo da Parroquia de Xunqueira de Espadañedo nos anos 1950-1953².
- Logo fixo a licenciatura en Sagrada Escritura no Pontificio Instituto Bíblico. Cursos 53-54; 54-55; 55 – 56.
- Profesor de Sagrada Escritura a partir do 1956.
- Canónigo Lectoral no ano 1962³.
- Dignidade de Arcediano o día 12 de Mayo de 1981.
- Na provistación do Sr. Bispo, D. Anxo Temiño Saíñz, foi Delegado Episcopal para o Clero.
- É nomeado Vicario de Pastoral no ano 1987, o día 8 de setembro. Foi reelegido o día 16 de outubro do 1991. Cargo que desempeña deica ó 10 de outubro do 1995⁴.
- É nomeado polo Papa, Xoan Paulo II, “Prelado de Honor” o día 28 de marzo 1996 na provistación do Sr. Bispo, D. Xosé Diéguez Reboredo, xunto con D. Elixio Mojón Rodicio e D. Xesús Pousa Rodríguez⁵

Hoxe celebra a xubilación na súa terra natal: San Pedro de Cartelle.

E para que se acorde de nós este pequeno obsequio:

“Tres cousas hai en Ourense/ Que nonas hai en España:/ O Santo Cristo, a Ponte E as Burgas fervendo a auga”.

RIBADAVIA, 23 – IV - 2003

NOTAS

1.–Libro de Bautismos de Santa María de Cartelle, 7º, p. 103.

2.–Cancillería del Obispado, Archivo.

3.–Registro de Colaciones y Posesiones de Dignidades, Cargos y Beneficios vacantes en la S.I. Catedral del Obispado de Orense: 16 – VIII – 1962.

4.–Libro-Registro de Oficios y Cargos de la Curia Diocesana de Orense, Obispado de Orense, f. 21 vlt; e f. 23.

5.–BOLETÍN DEL OBISPADO DE ORENSE, Mayo-Junio 4 (1996) 281

D. MANUEL, PROFETA E HOME “GRANDE”. MEMORIAS DE UN APRENDIZ DE CREGO 1967 – 1972¹

José Pérez Domínguez
Vicario de Pastoral

Introducción:

Celebrando a San Rosendo, queremos homenaxear a D. Manuel e en D. Manuel, ó sacerdote que foi capaz de ler “os signos dos tempos” e de descubrir a necesidade de unha nova maneira de facer pastoral para a Igrexa de Ourense. Como os profetas, mirou os acontecementos e a marcha da sociedade, discerniu na presenza de Deus aquilo que era convinte e púxose en camiño para anunciar o Reino de Deus. Eu quero levarvos da man ata aqueles tempos de sementeira esperanzada e ensinárvolo acontecido nas terras da Baixa Limia.

Década de moitas promesas:

Era a década dos sesenta. ¿Lembrádesvos?..Da quela eu rematara “filosofía” e inciaba os cursos de “teoloxía”. Non comprendía moitas cousas, pero tiña boa vontade. Era a década prodixiosa: a gabardina e maila bicicleta deixaban paso a minifalda e os pantalóns acampanados ó son da “yenka” e “las flechas del amor”; no mundo dos estudantes, explosión do Maio do 68 en Francia ca petición de “a imaxinación ó poder”; os españois e sobre todo os galegos, camiñaban cara Francia, Suiza, Alemania, Holanda, buscando un porvir; rara era a casa que non tivese pai, mai, ou ámbolos dous, no extranxeiro como emigrantes; no eido da economía, a nosa nación empezaba a medrar gracias a emigración; o “seiscentos” convírtese no sinal dunha clase media que se vai fortalecendo e medrando; na política, España empeza a despertar dun longo sono cá creación de grupos e asociacións que máis tarde resultarán ser partidos políticos, con reunións nás sacristías e nos sótanos dos bispados de xente que máis logo será importante e cás escaramuzas que de vez en cando desencadeaban os “grises”², por mor dos “estados de excepción”; no ámbito eclesiástico, levouse a bon término o concilio Vaticano II como resposta a necesidade do “aggiornamento” da Igrexa; o Papa, Paulo VI tiña publicado a encíclica *Ecclesiam Suam*; na España a *Asamblea Conxunta de Bispos-Sacerdotes*³ provocou unha profunda convulsión nos ambientes eclesiásticos; na nosa terra empézase a preparar o Concilio Pastoral de Galicia; a Igrexa española desperta e busca independizarse e axudar o que máis tarde sería a transición. Mereceu a pena. A selección española gáñalle a Rusia e o Real Madrid segue a dar algunhas satisfaccións polos estadios de Europa. A guerra fría entre as grandes potencias segue a ser lei de vida e na carreira espacial, o home chega a lúa.

D. Manuel e os Equipos de Pastoral:

¿A qué ven esta viaxe ós anos sesenta, cando o que tentamos é homenaxear a D. Manuel ca entrega dos premios a tan distinguidos investigadores?. D. Manuel

visitaba con frecuencia o Seminario e estaba o tanto das ilusións e das novas correntes de pastoral dos moradores de Vistahermosa. Quero que saibades que os seminaristas de Ourense tamén viviamos a década prodixiosa e viviamos os cambios, as transformacións, os novos ideais, tamén as rebeldías, os soños e proxectos de futuro. Una pregunta que nos faciamos era: ¿cómo ser sacerdotes para este novo mundo, que está a emerxer? Precisamente na década dos sesenta, nos seminarios, cheos de “estudiantes”, nacen grupos por afinidades de pensamento, de amizade, de proxectos pastorais ou espirituais, como punto de partida para unha pastoral de conxunto. Eu mesmo formei parte de algún de aqueles grupos. Os equipos de pastoral⁴ empezaban a soar coma o método máis avanzado para a nova pastoral da Igrexa.

O Equipo Pastoral de Entrimo:

Cinco “estudiantes”⁵, que logo quedaron reducidos a tres, no seu período de convictorio (para os profanos prácticas de carreira), preséntanse ó seu Director⁶ e pídenlle que faga as pertinentes xestións ante o Sr. Bispo, D. Ángel Temiño Saínz, para poder formar un Equipo de Pastoral e ser enviados a unha zona da diocese. Convencer ós formadores non era tarefa fácil; convencer o Sr. Bispo era ardua e difícil laboura; así pensábase os estudantes⁷. Estaba en xogo a prudencia, os temores e a madurez dos candidatos para iniciar este tipo de experiencias. Sen falar con eles, D. Angel Temiño Saínz proponlle a D. Manuel a posibilidade de formar equipo cos novos sacerdotes e ser o coordinador e responsable dos mesmos. D. Manuel era un gran aval para o Sr. Bispo e ofrecíalle a experiencia necesaria para empresa de tanta novidade en Ourense. Mentres eles andaban de vacacións alá polo Norte de África, D. Manuel ten que pensar, rezar e consultar para logo poder decidir. Parecen actuais os versíños do libro dos Feitos:

“Entón os apóstolos e os responsables de acordo con toda a Igrexa, decidiron elixir algúns de entre eles, e mandalos a Antioquia”⁸

D. Manuel, “profeta e grande”:

D. Manuel chegara a Muiños, precedido de moito prestixio pola súa entrega no traballo e polo seu bo facer; en Muiños este prestixio foi a máis pola comunión cos compañeiros sacerdotes, pola súa xenerosidade cos pobres, pola súa entrega a un pobo tanto na formación humana, coma na preparación intelectual e cristiá. ¿Cómo embarcarse nun proxecto sen experimentar, facéndolle caso a tres neosacerdotes?⁹. Aquí é onde se coñecen os homes grandes e os profetas. D. Manuel, ó tanto das correntes pastorais de aquel tempo, vendo a marcha dos acontecementos, coñecendo as sensacións dos novos seminarios, despois de consultar cos seus amigos e compañeiros, responde afirmativamente. ¡O futuro do traballo da Igrexa na nova sociedade non pode ir por outro camiño!

Eu, por ser de Muiños e por ser aprendiz de cura nestes tempos, vivín aqueles intres con paixón, con expectación e con moita ledicia. Á volta das vacacións dos tres

autoestopistas¹⁰ (Blanco, Vidal e César) D. Manuel comunicalles a noticia; infórmaos de cómo o Sr. Bispo aceptara o seu proxecto (eles no saían do seu asombro), e de cómo lle propuxera facer equipo con eles. E, por suposto, que estaba disposto a marchar. Todos eles eran coñecidos de D. Manuel por seren condiscípulos do seu irmán César e por ter tratado con eles moitas veces.

Moderador e coordinador do Equipo de Pastoral:

Foi tempo de moito traballo e estudio.

- ¿Cómo artellar un Equipo de Pastoral? Empezaron as reunións, intensificáronse os encontros.

- ¿Para qué zona da diocese?. A zona de Entrimo tiña tódalas rifas. Estaba sen párroco polo pasamento de D. Olegario. A Illa era parroquia de tránsito para os novos curas. D. Manuel Machado Prieto acababa de irse para Estados Unidos. Só era preciso remover ó sacerdote de San Salvador de Manín, D. Francisco López Lozano. Cousa que se fixo, millorándoo e nomeándoo ecónomo de San Xoa de Baños de Bande¹¹.

- Foi tempo de moita oración: os proxectos dos homes rematan aixina; os proxectos de Deus son os que perduran. ¿É cousa de Deus ou simple realidade de moda?. ¿Ten a Igrexa necesidade deste novo sistema de facer pastoral ou é algo innecesario ou carente de sentido?. Era preciso rezar, discernir, clarificar e decidirse con coraxe e moita xenerosidade. Resoaban os ecos da Igrexa primeira: “*na comunión de vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións*”¹²

- Un problema a resolver foi o da residencia: ¿Onde residirán os membros do Equipo?. Como D. Manuel vivía en Muiños cos seus pais, Consuelo e Cesareo, decidiron que en Entrimo viviran os irmáns cos seus pais; e na Illa viviran D. Manuel Nóvoa Blanco e D. Manuel Fernández Vidal¹³, namentres axeitaban a casa de Aceredo, onde residirían máis tarde.

- O fondo común foi o sistema elexido por unanimidade por eles; un grupo, que se precie, debe facer proxecto de vida e pastoral común e debe ter tamén fondo común. Eles, dende o principio acordaronno así, como tamén acordaran rezar, pensar e reflexionar xuntos o pertinente a pastoral e o bo funcionamento do grupo. *Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común*”¹⁴

Nova Evanxelización

Eu era “como da casa”. Convivín con eles en moitas ocasións e funme iniciando na quel xeito de facer pastoral¹⁵. Marchan para Entrimo o día 1 de Setembro do ano 1967. En Entrimo traballaron arreo. Costoulles barro e fariña. Os novos proxectos, non sempre eran ben entendidos pola xente e polos compañeiros darredor. Pero eles sentíranse enviados:

“*Enviounos a proclamar o Reino de Deus... Non levedes nada para o camiño, nin siquiera un caxato, nin alforza, nin pan, nin diñeiro, nin duas túnicas por persoa... eles puxéronse en camiño e recorreron as aldeas, anunciando a Boa Nova*”¹⁶

Reuníanse dúas veces a semana: o traballo a coordinar era moito, sobre todo nun principio. Homilías, esquemas de reunións, temas de formación, avisos, respostas pastorais a situacións diversas, estudio da problemática social que ía xurdindo co despertar da xente e cos inicios do encoro de Lindoso e os precios das fincas, das casas, dos muiños, dos aserradeiros; calquer feligrés de calquer parroquia sabía de que se predicara nas outras comunidades e coñecía os avisos que se daban e os consellos que impartían.

O tempo non chegaba a nada: o catecismo, as reunións ca mocidade na Illa e na Terrachán¹⁷, as reunións cas mulleres, as reunións cos homes; era o dinamismo de unha Igrexa nova: “Eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstoles”¹⁸ Eu participei en moitas daquelas reunións, cheas de ilusión e compromiso.

Eran tempos de censura governativa. Entre o 67 e o 72 houbo algún ano vivido en “estado de excepción”. No seu afán de concienciar as persoas na doutrina social da Igrexa votaron man das encíclicas¹⁹, *Mater et Magistra* e *Populorum Progressio*, e reunían os pobos nas capelas, nas tabernas e, cando a autoridade nonlles permitía reunirse na praza, ían a Igrexa parroquial. Eles tentaban ensinar e vivir a fraternidade, como fixeran os primeiros cristiáns: “vendían os seus bens e propiedades, e repartíannos entre eles conforme as súas necesidades”²⁰ A Garda Civil de Entrimo tiña a obriga de asistir ás súas reunións e dar conta a superioridade. Constituíanse comisións en cada pobo. Por causa delas xurdiron algúns problemas, pois a autoridade “vixiante” quería ver máis alá do que realmente era, identificando tales comisións co que estaba a xurdir no eido político e sindical baixo o nome de *Comisións Labregas*.

Na pastoral funeraria o Equipo decidiu suprimir os responsos e tamén os aranceis tanto nos enterros coma nos cabodanos pola “ofrenda” dentro da misa. Era unha opción litúrxica, catequética e espiritual moi mellorada. Aínda que a decisión pastoralmente era boa²¹, foron moi criticados.

Unha Bafarada de aire fresco:

O Papa, Xoan XXIII, ó convocar o concilio Vaticano II, quería abrir as xanelas para que unha bafarada de aire renovado alentase a Igrexa. Tiña a vontade de que fora realidade o que máis tarde afirmaría a constitución do concilio Vaticano II, Gaudium et Spes:

“os gozos e as esperanzas, as tristuras e mailas mágoas do noso tempo... son os gozos e as esperanzas, as tristuras e mailas angurias dos discípulos do Señor”²².

Algo parecido pretendían os membros dos Equipos de pastoral. Aquel rexurdir de equipos de pastoral foi para Igrexa de Ourense a bafarada de “aire fresco” que estaba a precisar. Eran o despertador dunha acción pastoral perguiceira e sonolenta, acomodada ó rexime de cristiandade, que xa estaba a pasar. Polas desviacións de uns, pola falta de compromiso personal e polos individualismos de outros, non foi posible levar adiante realidade tan oportuna. De non teren fracasado, servirían de revulsivo a unha pastoral que estaba precisando de renovación para dar no tempo xusto as respostas xustas que o mundo estaba agardando.

D. Manuel axudou a escribir na Diocese de Ourense unhas páxinas esperanzadas e, o mesmo tempo, proféticas. Foi home capaz de “ler os signos dos tempos” e foi home “grande” para desistirse e marchar alí onde a Igrexa o precisaba. O homenaxe do 1 de Marzo do 2003 a D. Manuel quere ser extensivo a aqueles que con él fixeron o boceto do que debería ser a nova pastoral diocesana, D. Manuel Nóvoa Blanco, a D. Manuel Fernández Vidal e ó seu irmán, César Iglesias Grande. Moitas gracias a todos.

APUNTES PARA UNHA BIOGRAFÍA

*D. Manuel Iglesias Grande*²³

José Pérez Domínguez
Vicario de Pastoral

A hora de facer unha aproximación a unha persoa é esencial ter unha visión de conxunto da súa vida. Tratándose de D. Manuel, tal visión resulta imprescindible, dada a enorme riqueza humana, pastoral e espiritual de tan eminente señor.. Esta é a razón que me levou a facer este apartado de “Apuntes para unha Biografía”, co gallo de que me axude e axude a quen queira seguir este traballo de coñecemento agradecido.

Nace en Vilachá, parroquia de Vilar de Paio Muñiz (a Merca), o día 1 de Marzo do ano 1932. É o segundo de cinco irmáns, fillos de Consuelo e Cesáreo.

Bautismo: o día 9 de marzo do 1932 bautizase na parroquia de Vilar de Paio Muñiz, a Merca²⁴.

Seminario Menor e Mayor: despois das primeiras letras na escola do pobo, ingresa no Seminario Menor de Ourense no mes de Outubro do ano 1943²⁵. No Seminario Menor estudia as humanidades, moito latín e moito grego, para máis logodespois de cinco intensos anos, pasar ó Seminario Mayor. Isto aconteceu no curso 1948 – 49²⁶.

Ordenado Sacerdote: O Sr. Bispo, D. Ángel Temiño Sainz ordenado sacerdote o día 26 de Xuño do ano 1955²⁷.

Primería Misa: o día 10 de Julio do 1955. Xa estaba destinado APRA Celanova. Empeza agora as súas misións pastorais²⁸.

Primeiras Parroquias: Celanova e Castromao: o día 30 de Agosto do ano 1955, dous meses despois da súa consagración, é nomeado coadxutor (vicario pastoral hoxe) de Celanova e encargado da parroquia de Castromao.

Muiños: Pouco máis de un año e D. Manuel é nomeado cura ecónomo da parroquia de San Pedro de Muiños, o día 26 de Setembro do ano 1956. Ó mesmo tempo é nomeado cura encargado da parroquia de Santa mariña de Cados. O día 10 de Febreiro do ano 1960 é nomeado párroco de san Pedro de Muiños.

Entrimo²⁹: O día 1 de Setembro do ano 1967 toma posesión da zona de Entrimo como membro responsable e moderador do *Equipo de Pastoral de Entrimo*.

Equipo Pastoral de Entrimo: unha nova experiencia na Igrexa de Ourense para aqueles tempos. D. Manuel xunto co seu irmán, César, Manuel Nóvoa Blanco e Manuel Fernández Vidal hincan unha experiencia pastoral distinta en terras de Entrimo (Entrimo-Pereira-Illa e Manín).

Celanova: o día 22 de Setembro do ano 1972 é nomeado cura ecónomo de San Verísimode Celanova. Máis tarde é nomeado tamén cura encargo da parroquia de Mourillós. Recibe o nomeamento de párroco o día 22 Novembro do ano 1985.

Vicario Episcopal: foi nomeado vicario episcopal en representación dos arciprestes: o día 25 de Outubro do ano 1991; cargo que desempeñará deica a súa morte.

